

## Xabier López y Antonio Fraga obteñen os premios "Xerais"

As obras "Cadeas" e "O castaño de Abril", galardoada como novela e mellor traballo infantil

AXENCIAS  
PONTEVEDRA

■ ■ ■ O xurado da XXX edición do Premio Xerais de Novela acordou por maioría declarar como gañadora a obra 'Cadeas' do escritor Xabier López (Bergondo, 1974); mentres que 'O castaño de Abril' do enxeñeiro Antonio Fraga Allegue (Pontedeume, 1976) foi a galardoada co XXVIII Premio Merlín de Literatura Infantil.

Os galardóns foron otorgados onte nun acto celebrado na illa de San Simón, no Concello de Redondela (Pontevedra), e no que participaron unhas 300 persoas, entre as que se atopaban, entre outros, o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero; ou o presidente da Asociación de Escritores en Língua Galega, Cesáreo Sánchez.

O XXX Premio Xerais de Novela, dotado con 15.000 euros,

recaeu no escritor Xabier López López, despois de que o xurado analizase as 41 obras presentadas, das que escolleu como finalistas aquelas baixo os lemas 'Amor en alpargatas', 'Bela Czarda' e 'Cadeas'.

'Cadeas' é, según o xurado, "unha novela de novelas, un baúl de historias que denotan, ante todo, unha prodixiosa capacidade para fabular, para recrear e imaxinar".

Ao coñecer o premio, Xabier López López mostrou a súa "inmensa satisfacción" por ver o seu nome "emparellado co do premio Xerais, máxime nunha edición tan redonda como seu trixésima". Sobre 'Cadeas', na que "aborda practicamente o século XX enteiro", XaLópez definea como a súa novela "máis arriscada e ambiciosa dende Doutor Deus", publicada en 1999.

Pola súa banda, o xurado da XXVIII edición do Premio Merlín de Literatura Infantil, dotado con 10.000 euros e no que conco-



Xabier López e Antonio Fraga posaron cos seus premios tralo acto de entrega.

reron 39 obras, calficou o traballo de Antonio Manuel Fraga como unha obra "que cumpre as tres condicións case máxicas que un lector pode esperar dunha novela, "tela dunha vez, estar magnifica-

mente escrita e "ser inesquecible". O autor Antonio Fraga destacou que 'O castaño de abril' "intenta subliñar a dignidade coa que os máis débiles afrontan as situacións máis difíciles". ■